

## **FONTES DE AUGA QUENTE**

Coñece lugares, pero na casa estase sempre mellor ca fóra.

Eu son reporteiro do mundo, e levo anos viaxando e coñecendo novos lugares e culturas desde hai anos. Pero mellor ca na miña casa, en ningún sitio.

Nacín en Ourense. Pasei toda a miña nenez alí. Cando era pequeno pasaba todos os días polas fontes de auga quente, e non entendía como pasaba aquilo. O meu avó díxome que non me acercara porque esas augas estaban envelenadas. Dicíase que estaban quentes para que se acercasen e morresen. Tempo despois, grazas á miña valentía, un pouco temeraria, decidín comprobalo por min mesmo, e cando toquei a auga fervendo dunha das fontes, non volvín achegarme.

Anos despois, decateime de que o que me contara meu avó era unha lenda. E iso fixo que leve anos viaxando por todo o mundo para ver que lendas hai polo mundo adiante.

Noelia Cabaleiro Rodríguez

3°C